



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON  
DATA 31 DE XANEIRO DE 2019**

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas e dez minutos do trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnense os Sres. concelleiros: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Pilar Martínez Troncoso; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Salomé Peña Muñiz; D<sup>a</sup> Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Non asiste D. Luis Serantes Álvarez

Actúa como Secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Franco Mateo.

**1º.- ACTAS ANTERIORES**

Dáse conta á Corporación das actas das sesións correspondentes do 6 de setembro de 2018 e a do 8 de novembro de 2018.-

Pola Alcaldía-Presidencia se pregunta ós Sres. Concelleiros se teñen algunha obxección que facer ás mesmas e non realizándose observación algunha a mesma é aprobadas por unanimidade na forma en que están redactadas.

**2º.- CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS (15% RESTANTE).-**

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e da conta de que se somete á consideración do Pleno Municipal a concesión do 15% restante existente nas correspondentes partidas para a concesión de axudas a entidades e clubs, das que no mes de xullo de 2018 xa se concedeu o 85% restante da partida para que os clubs puideran saber con canto podían contar para levar a cabo as súas actividades.

Explica como se realizou o cálculo do 15% e dí que houbo modificacións respecto da solicitude inicial: a Asociación Herminio Barreiro non levou a cabo o Triatlón e presentou catro actividades máis e Esmar que fixo o festival benéfico e se concederon outras dous máis.

Da conta das cantidades que se propón conceder e do total das mesmas; dí que excepto a do Banco de Alimentos están todas xustificadas e pagadas ou para pagar a 31 de decembro.-



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Que hai tres que aínda non xustificaron toda a cantidade que lle correspondeu (e teñen ata o 20 de xaneiro) e que a maioría xustificou máis importe que a axuda concedida.-

Por último da un repaso ás cantidades concedidas nos últimos catro anos e lembra que este equipo de goberno adquiriu o compromiso de repartir toda a consignación da partida; para as entidades culturais, que no ano 2014 só se repartiu o 33% da partida, no ano 2015 o 43% e no ano 2016 o 85% aproximadamente e no ano 2017 repártese o 100%.- Felicita a todas as entidades pola labor que realizan a prol do veciños e nenos do Concello e recoñece que o que se lles outorga é so unha pequena axuda en comparación coa labor tan importante que veñen realizando.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para expresar que non quere ser reiterativa co que xa veñen manifestando noutras ocasións respecto a este tema; que están de acordo con que hai que axudar, pero non están de acordo co reparto que fae o equipo de goberno.-

Quere loubar a labor que fan ao longo de todo o ano todas as entidades que enriquece a vida cultural, deportiva e social; que a axuda que se lle conceda toda é pouca.- Que outros anos se reparta este 15% dentro do ano natural.

A SRa. Martínez Troncoso día que sempre se tentou dar dentro do ano natural e se aprobou que este ano cando remate o prazo de solicitude xa poderán cobrar un anticipo do 25%; é dicir que se melloraron as bases.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo mixto) e cinco abstencións (P.P) , acorda: que vistas as xustificacións presentadas por cada unha das entidades e clubs ós que concedéronse axudas en sesión plenaria de 5 de xullo de 2018, ampliar as axudas concedidas ás entidades que se indican, sendo o **importe total concedido** para o presente exercicio o que se indica :

**Subvencións no Eido do DEPORTE:**

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 05/07/18)	Importe final total
CLUB NAÚTICO PIRAGÜISMO O MUÍÑO	6.679,68	7.568,12
UMIA C.F.	8.392,56	10.105,48
C.D. RIBADUMIA	9.423,61	10.677,01
CLUB RIBADUMIA DE TENIS DE MESA	2.256,12	2.556,20
MAMIS ARNELAS	859,21	973,49
SOCIEDADE DE CAZADORES DO SALNÉS (TECOR)	180,16	204,12



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

**Subvencións no Eido da CULTURA, EDUCACIÓN E PROMOCIÓN  
ECONÓMICA:**

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 05/07/18)	Importe final total
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE BARRANTES	2.254,74	2.608,31
ASOCIACIÓN GASTRONOMÍA E CULTURAL FESTA DO POLO	918,41	1.072,37
BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADUMIA	1.638,17	1.895,05
ASOCIACIÓN CULTURAL HERMINIO BARREIRO	1.530,68	2.083,06
AGRUPACIÓN MÚSICO CULTURAL DE RIBADUMIA	2.010,52	2.337,73
ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO TEATRO ALECRÍN	1.112,75	1.287,24
ASOCIACIÓN XUBILADOS A SENRA	687,95	795,82
ASOCIAC. CULTURAL,DEPORTIV. GASTRONÓMICA PÉ DE CUBA	1.105,87	1.279,28
ASOCIACIÓN CULTURAL TRASNOS DO SALNÉS	1.172,95	1.356,88
ASOCIACIÓN FESTEIROS DE LEIRO	1.183,27	1.368,81
ANPA CRA DE RIBADUMIA	1.350,09	1.561,80
ANPA CPI JULIA BECERRA MALVAR DE RIBADUMIA	2.034,60	2.353,64

**PATROCINIOS:**

CN O Muíño Patrocinio de María Pérez: Competición Europea; Italia; Junior	Axuda: 533,85
CN O Muíño Patrocinio de Manuel Fontán: Competición Europea; Italia; Junior	533,85
CN O Muíño Patrocinio de María Pérez: Competición Mundial; Portugal; Absoluto	659,46

**Subvencións no eido de ACCIÓN SOCIAL E OUTRAS:**

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 05/07/18)	Importe final total
ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS	1.638,02	1.927,08
Asoc. GOTAS	885,42	1.041,67
AECC Pontevedra	885,42	1.041,67
ESMAR- Maltrato Cero	841,15	989,58
Banco de Alimentos	1.000,00	1.000,00
Protección civil	3.000,00	3.000,00

**3º.- MOCIÓN POR UNHA DEFENSA DUNHA SANIDADE PÚBLICA DE CALIDADE.-**



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O Concelleiro Oubiña Lago dá lectura á moción e di que explica ben a situación da sanidade.

*“Despois do lamentable suceso no PAC da Estrada, no cal un paciente faleceu ao non poder recibir atención médica inmediata pola falta dun facultativo mentres o outro estaba atendendo outro urxencia fóra do centro, queremos mostrar a nosa repulsa e preocupación polo desmantelamento sistemático da sanidade pública e os perigos que carrega para a cidadanía.*

*Tal e como veñen denunciado plataformas coma SOS Sanidade ou a Plataforma Veciñal Sanxenxo, usuarios da sanidade pública e diferentes grupos municipais de todo o Salnés, queremos poñer de manifesto o seguinte:*

- 1.- Este suceso, así como situacións de todo tipo que estamos vivindo en todo o país na Atención Primaria, son consecuencia da plítica de recortes en recursos sanitarios promovidos polo Sergas a instancias do Partido Popular, fomentando e promovendo o desmantelamento da sanidade pública co obxectivo de construír un sistema que favoreza ó sector privado.*
- 2.- Os recortes afectan a toda a Atención Primaria e esténdense aos PAC e aos hospitais onde incluso se pechan plantas enteiras (véxase o caso do Hospital do Salnés), o que implica que, ademais da habitual saturación dos diferentes servizos derivada da falta de persoal e medios, non se cubran as baixas dos facultativos e doutro persoal sanitario, provocando, ademais da redución de servizos, que algúns centros queden totalmente desatendidos cando o único médico que está traballando ten que saír a atender unha urxencia fóra do centro ou ten que visitar algún paciente no seu domicilio*
- 3.- A falta de persoal e medios na Atención Primaria provoca necesariamente que os usuarios, ante a imposibilidade de ser atendidos polo seu médico de cabeceira, acudan ós Puntos de Atención Continuada e ós servizos de Urxencia dos hospitais de referencia buscando unha solución que se lles podería proporcionar nos seus centros de saúde. Funcionado ben a Atención Primaria, con substitución dos profesionais e con medios suficiente, a presión asistencial nos PAC e a atención hospitalaria sería menor e centraríase na atención daqueles casos que realmente requiren esa atención de urxencia ou especializada.*
- 4.- No verán a situación na nosa comarca agrávase: non se substitúe o persoal facultativo e a contratación de persoal é insuficiente; redúcese o horario de atención dos propios pacientes para poder incluír pacientes doutros facultativos e, incluso, se reduce o número de consultas e dalgúns servizos; véxase o caso do centro de saúde de Cambados, coa “desaparición” da unidade de tarde durante os meses de xullo e agosto. E, sen embargo, a poboación da comarca do Salnés increméntase de forma considerable (nalgúns puntos incluso se*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*triplica) debido á importante afluencia turística. A concordancia destas circunstancias produce masificacións de consultas (máis de 50 pacientes por facultativo e día), aparicións de listas de agarda nos centros de saúde (no centro de saúde de Ribadumia chegou no mes de agosto a sobrepasar os 20 días), a saturación das urxencias, etc.*

- 5.- *Tal como denuncian plataformas como SOS Sanidade ou a Plataforma Veciñal Sanxenxo, a falta de persoal que o SERGAS esgrime como escusa, non é máis que unha total ausencia de planificación e un aumento na precarización dos contratos do persoal, polo que moitos dos nosos profesionais declinan traballar na Atención Primaria de Galicia, emigrando cara outros lugares con mellores condicións laborais. E isto é especialmente visible na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés, coa xestión que se está a levar desde a Xerencia Integrada, que conseguiu, segundo os datos facilitados pola asociación "Batas Blancas", que "quince reputados médicos y trabajadores del ámbito sanitario han dejado el hospital comarcal para trasladarse a otros centros o, directamente, fichar por la sanidad privada".*
- 6.- *Ademais do anterior, na nosa comarca estase producindo unha clara involución na Atención Especializada que se lles presta ós nosos veciños, coa reabsorción que se está a levar a cabo en favor de Pontevedra, e máis aínda desde a desaparición da ÁREA SANITARIA DO SALNÉS aprobada pola Xunta no pasado ano: desmantelouse a Unidade de Parto Natural que recoñeceu o Hospital do Salnés como "Hospital amigo de los niños" segundo a Unicef; elimináronse as especialidades de Neuroloxía, Androloxía e Saúde Sexual, única en Galicia; e fixéronse unidades dependentes de Pontevedra servizos como Farmacia, Informática, Contabilidade e Xestión, Medicina Interna e Radiodiagnóstico. E, pola contra, en ningún caso, se produciu o prometido aumento de consultas especializadas que se prestarían no Hospital do Salnés, senón que incluso as que xa estaban aprobadas con anterioridade seguen sen estar operativas despois do grande investimento do que se presumiu no seu momento: en febreiro de 2017 anunciouse o inicio das obras para a creación dun hospital de día de atención a pacientes oncolóxicos; as obras están rematadas dende finais de 2017 e, sen embargo, a unidade non está aínda en funcionamento.*
- 7.- *O ano pasado, a Asociación Plataforma Veciñal Sanxenxo, xunto coa Federación de Anpas O'Con, entregaron máis de 4.000 sinaturas tanto na EOXI Pontevedra- Salnés coma no SERGAS, de cara á consecución dun pediatra a maiores para o centro de saúde Baltar e unha ambulancia medicalizada durante todo o ano para a zona do Salnés. A resposta do Sergas foi reformar ese centro minguando os espazos e aumentando as salas sen ver incrementado o persoal nin a calidade das prestacións sanitarias.*
- 8.- *En xullo, o equipo de goberno do Concello de Ribadumia denunciaba que, desde mediados dese mes, o seu centro de saúde contaba cunha soa*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

*facultativa pola falta de persoal substituto que cubrise as ausencias de médicos que disfrutan das súas correspondentes vacacións. A principios de agosto fíxose entrega de máis de 300 sinaturas, mentres o xerente do EOXI Pontevedra-Salnés estaba de vacacións sen atender o escrito que se lle dirixiu para corrixir a situación. Finalmente, a presión veciñal conseguiu que, ó día seguinte de afirmar que non había substitutos para mandar, puxeran un 4 días alternos na segunda quincena de agosto.*

- 9.- *En Cambados, neste mesmo mes, un paciente denunciaba que despois de que os médicos do PAC o derivaran a Urgencias do Hospital do Salnés, tivo que esperar case tres horas pola ambulancia para poder achegarse ao hospital e, despois de que lle deran a alta, tivo que esperar outras catro horas para ser devolto ao seu domicilio nunha ambulancia na que ía só un condutor e sen cadeira pregable, polo que houbo que subir ao paciente a pulso.*
- 10.- *A falta de xestión e a ausencia de planificación da Sanidade galega queda novamente en entredito trala publicación o pasado mes de agosto das necesidades reais de persoal facultativo para os vindeiros anos, segundo os datos dos propios colexios médico: en 2018 case 400 médicos cumpren os 65 anos ou outros tantos os cumprirán en 2019; é dicir, SÓ EN GALICIA case 800 médicos poden xubilarse en menos de 18 meses. Que previsión de novos facultativos existe? O propio presidente da Xunta respondeu a principios de deste mes na inauguración dun centro de saúde (con 5 consultas, por certo, para 3 médicos): "Feijoo presume de sanidad pública y anuncia 98 médicos de familia y 20 pediatras más"... Son 98 médicos que rematan a súa formación como tales, pero que non necesariamente se van a incorporar ó Sergas. Tal e como se pode comprobar, 98 sobre 400 posibles xubilacións só no ano 2018 queda moi por debaixo da necesaria planificación para cubrir unicamente os postos de traballos actuais e a cobertura en vacacións, baixas, etc.*
- 11.- *Por último, a colación do titular mencionado no apartado anterior e sobre todos os números anunciados polo Sr. Feijoo, o certo é que o Sergas, segundo o informe publicado este mes pola Federación de asociaciónes para la Defensa de la Sanidad Pública (FADSP), é un dos peores servizos sanitarios de España, caendo 3 postos na valoración estatal e sendo a 6ª comunidade pola cola con 71 puntos sobre 118 (puntuación máxima que non conseguiu ningunha comunidade), moi cerca dos 3 últimos postos (Cataluña 65, Comunidade Valenciana 63 e Canarias con 53 puntos) e moi lonxe dos 3 primeiros (País Vasco 94, Navarra 83 e Aragón e Castela-León con 80)."*

Continúa dicindo que a realidade é que a moción podería dar moitos máis exemplos do que está pasando en moitos centros de saúde.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

O equipo de goberno está loitando por a mellora da sanidade. O P.P. ten declarado que sempre estará a favor dos intereses dos veciños e lle gustaría saber a opinión que teñen ao respecto.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, é unha moción política, estaría disposta a votar a favor se se modificara a redacción nalgún casos e non é real. Se fala de desmantelamento da sanidade pública, recortes na sanidade pública. Non sabe ao que se refire con recortes cando o goberno da Xunta de Galicia destina máis do 40% do presuposto para a Sanidade. O que equivale a que este ano 2019 se destina 4.000 millóns de euros que destina para a sanidade. En 2008, cando gobernaba o bipartito contaba cun presuposto de 1.110 millóns a maiores e se destinaban 400 millóns menos a Sanidade.

Se di que se desmantelou a unidade de parto natural e non é certo.- Que o Hospital do Salnés é o único que ten a acreditación e seguen coa unidade de parto natural e coa tema de neuroloxía igual polo que o que di non é real.

Que é unha sanidade da que deben estar orgullosos todos a nivel organizativo, a nivel modernidade, a nivel tecnoloxía pero tamén é certo que hai problemas. Pero hai un gran problema coas substitucións e están a favor de esixir que se cubran as substitucións pero non coas dimisión que fala a moción, non ten sentido (só falta pedir a do Presidente da Xunta) e están de acordo cos tres últimos puntos e o que os veciños demandan, pero non co tema de que se pidan dimisións; que hai que traballar entre todos para corrixir o tema de persoal para que se poida contratar máis facultativos.-

Que o seu grupo estaría disposto a apoiar a moción si se eliminan os tres primeiros puntos; que hai que traballar entre todos para solucionar o tema do persoal

Que as firmas que se están recollendo son para que se cubran os médicos e pediatras. Non se apoia a dimisión desas persoas (apoiarían os tres puntos restantes) se queren que se aprobe por unanimidade. Xa o dixeron nas comisións informativas pero non hai intención de cambiar e o que se pretende é politizar este tema.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, que o P.P. gasta cartos ao granel é algo que ten claro.- Que si se amplía o hospital de O Salnés pero non se adapta o contido nin de médicos nin de facultativos,. No que respecta ao tema de politizar o Sergas di que está rexentado pola Xunta de Galicia non por un particular, así que os responsables últimos son os conselleiros.- Que a ver si se aprende que os problemas se resolven con alusións políticas.- Que o Concello ten que reclamar e é o que veñen a facer, reclamar ao Sergas, á Xunta e aos seus responsables políticos.

Que a Xunta ten que facer o seu traballo e non se dan solucións; non se cubren as baixas; non hai pediatras e xa ven pasando mínimo dende 2016. Que non vale a escusa de que non hai médicos, será que non son capaces de contratalos.



ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e di que lle fai graza os puntos con que non están de acordo; que só un non é real, pero non porque non fora verdade no momento en que redactouse a moción que é o da acreditación do Hospital do Salnés pero si é verdade que tiña perdido tal acreditación e agora recuperoulla.-

Continúa dicindo que o Sergas baixou 3 postos na valoración das comunidades autónomas. E facendo alusión á dimisión do Presidente da Xunta, ela non hai moito pideu a dimisión da Presidenta da Deputación por unha manifestación que decía que fixo sobre o parque de Bombeiros e agora non lle pareceu ben que se pida en materia de sanidade.

Que no verán a Sra. Peña foi a falar co xerente e saíu na prensa dicindo que non había maneira de poñer substitutos porque non había médicos pero ao día seguinte había un subtítulo, ben certo que non ía todos os días pero si que había substituto.

Expón que afortunadamente non se dou o caso pero pregunta qué pasaría se o médico tiña que saír por unha urxencia a domicilio e xusto no momento entra un con infarto.- Dí que hai unha estatística na que Galicia está bastante por debaixo da media no número de profesionais médicos e enfermería.

Que ela entende que sí se ten que pedir a dimisión de Feijoo por ter culpa de ter ao seu cargo a uns incompetentes.- Lembra que en agosto saíu unha noticia de que se investiron millóns en abrir unha sala de oncoloxía e está moi ben pero a xente con cancro ten que seguir indo a Pontevedra, e a sala está dende o 2017.

Dá conta dun escrito do pasado 31 de xullo de 2017, no que o Presidente do consello de contas dá os últimos informes sobre a situación das contas da administración autonómica entre eles o informe específico de fiscalización da conta do Servizo Galego de Saúde, con máis de 200 páxinas; di que o informe non é un documento revolucionario pero aporta claves moi importantes e nalgún caso moi graves do que está acontecendo coa sanidade pública e coa xestión do Sergas. Concretamente se centra en 4 apartados que son a redución da inversión en atención primaria, se está desviando todo hacia os concertos da sanidade privada que é unha maneira de privatizar silenciosamente: que moitos médicos se pasan a privada polo trato que recibían e obrigaban a médicos a xubilarse cando aínda estaban medianamente ben e non había médicos para substituílos.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, a verdade é que é moi fácil xogar coa sensibilidade con temas sanitarios (estamos en eleccións) e por iso somos tan frívolos.

Di que moción sinala que se desmantelou a unidade de parto natural e que dende novembro se volve a ter outra vez a acreditación.





ILMO. CONCELLO

de

**RIBADUMIA**

(Pontevedra)

Pregunta en qué pleno pediu a dimisión da presidenta da Deputación. Non a pediu nin da presidenta nin de ningún político. Pide que a Sra. Martínez Troncoso rectifique.- Que a súa intervención non é para facer graza como dixo a Sra. Martínez; que ela non ven a facer política nin para pedir dimisión de ninguén, senon para defender os intereses dos veciños.

Continúa dicindo que a sanidade funciona ben, aínda que ten determinados problemas que hai que corrixir.- Que o problema de persoal so se produce cando hai baixas ou vacacións.

Que hoxe se publicou que o Alcalde se reuniu co Xerente e que xa lle explicaría máis polo miúdo da problemática da sanidade. Agora mesmo está cuberto o pediatra. Non se trata de botar balóns hacia o goberno central senón que o goberno central se solicitou en varias ocasións a posibilidade de que modificara esas taxas que hai concedidas a Xunta de Galicia para reposición dos médicos dada a demanda que hai e aínda a Xunta non ten autorización para poder ampliar a cobertura de prazas e se convoquen os MIR a Sanidade galega é unha das mellores non están dispostos a pedir dimisión, a súa postura é a de traballar e que os veciños se favorezan das melloras.

Que están de acordo que se atendan os veciños e se substitúan os facultativos.

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso, e di que ten dubida de que a Sra. Peña firmara pedindo que se repuxera o médico.

Que aos veciños de Ribadumia tamén lle afecta o problema de pediatra en Cambados. Porque hai libre elección de médico e hai veciños en Ribadumia que teñen problema co pediatra en Cambados.

Que o día que se manifestaron para que houbera pediatra e se substituíse ao médico, a Sra. Peña non se sumou e non estaba al; que o de solicitar a ampliación de prazas de MIR non é tan fácil porque primeiro teñen que ter sitio onde formarse e non pedir 500 pediatras. Porque a formación específica se fai nos centros de saúde, nos hospitais, etc. E non se poden formar a todos xuntos. Houbo unha falta de previsión durante moitos anos. E para o ano se xubilan máis de cen médicos, e de que vale que formen a 20 agora.

Toma a palabra o Sr. González Ledo, o P.P. ten 2 posibilidades e é poñerse de lado dos veciños ou enredar.

Como xa fixeron na comisión informativa cando propuxeron que se quitaran os 2 puntos, o das dimisións e máis o de que non querían figurase na moción que hai recortes na sanidade, e que hai recorte sabémolo todos.

E por outro lado di que na Deputación se aprobou por unanimidade unha moción da sanidade e non é certo, o P.P. abstívose.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Como dicía en 2008 había menos gasto na Sanidade, pero antes o hospital era unha Fundación e o bipartito foi cando se fixo pública.- Espera que a SRa. Peña asine a petición e que apoie aos veciños.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que ela non ven a facer mitin, que o está facendo o equipo de goberno, non veu a enredar. En ningún momento se pide a dimisión nos escritos dos veciños.- Que ela defende a súa postura.- Que as manifestacións as fai cando se está no goberno, que cando as organice se as comunique a oposición.- Que os partidos do equipo de goberno no protocolo que asinaron dicían que á oposición se ía invitar a todos os actos.- En resumo di que a iniciativa a ten que tomar o alcalde e o equipo de goberno.

A Sra. Martínez Troncoso responde que ninguén lle dixo que tivera que presidir a manifestación senón asistir como calquera outro veciño. E como se decata doutras cousas na páxina do Concello subíuse varias publicacións dicindo cando era. E por último di na comisión informativa o que dixo a Sra. Peña foi que na Deputación se levou unha moción sobre a sanidade coa que estaba de acordo e que todos votaron por unanimidade. Pero o P.P. abstívose, ou sexa que mentiu. E engade que está convidada a ir a Santiago a manifestación do domingo cos autobuses que pon o Concello.

Continúa falando a Sra. Peña Muñiz, que recoñece que na moción de decembro na Deputación se abstiveron pero que se había aprobado outra que se aprobou por unanimidade con anterioridade. Iso non é enredar, é unha equivocación.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago, as manifestacións non as convoca o Concello non ten que ser o alcalde quen presida as manifestacións. O Alcalde plantexa os problemas e as solucións. Por eso se trouxo a pleno, se queren votar en contra son libres de facelo. Só se está intentando dar solución aos veciños. E hai que apoialos nos sitios nos que hai que estar, como nas manifestacións e nos plenos presentado as cuestións.

E por último ningún veciño deste Concello ou outro vai escoller o Concelleiro de Sanidade. Votaran ao equipo que queren que governe e despois ten a responsabilidade é do partido. Parece que lle gusta frivolar sobre o tema. Calquera de nos pode entrar pola porta e que pase iso. E iso é culpa de que hai unha liña política que marcan como deben de funcionar as cousas. E iso é o que hai que corrixir.

Rematadas as intervencións, o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e cinco en contra (P.P.) acorda:

1º.- Solicitar á Consellería de Sanidade:

- A dimisión do xerente do EOXI de Pontevedra-Salnés pola deficiente xestión que se está a producir na comarca en canto á atención sanitaria, do xerente do Sergas como inmediato superior e responsable directa da ausencia total de planificación e da caída na súa valoración do



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

organismo que dirixe e, finalmente, do conselleiro de Sanidade, responsable máximo da política de recortes en recursos sanitarios desde a Xunta de Galicia, fomentando e promovendo o desmantelamento da sanidade pública, en especial da Área do Salnés;

- O fin das políticas de recorte e desmantelamento da Sanidade pública galega;
- Un Plan Urxente de Reposición de Recursos Orzamentarios e de Persoal;
- Reforzar os dispositivos de Atención Primaria, tanto en persoal coma en medios, de maneira que estean capacitados para resolver os picos de demanda dos usuarios e usuarias, non provocando o colapso doutros dispositivos coma os servizos de Urgencias, os PAC ou os hospitais;
- Garantir a cobertura de profesionais en Atención Primaria na provincia de Pontevedra, na maior medida posible, tendo en conta a dispoñibilidade de profesionais contratables existentes; e
- Dotar á Comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada (UVI Móvil, SVA ou ambulancia de tipo A) equipada do persoal e dos recursos materiais necesarios, que ademáis de prestar un servizo de calidade na nosa contorna, favoreza a descarga de traballo nas outras que operan na Área Sanitaria de Pontevedra.

#### **4º.- DAR CONTA DE DATOS DA RECADACIÓN DE TAXAS E IMPOSTOS MUNICIPAIS DO ANO 2018.-**

Dá de conta este punto a Sr. Martínez Troncoso, no pleno de decembro xa se deu datos ata outubro e agora se da conta do total do ano. Polo que máis se enorgullece é pola atención directa que se lle da aos veciños, a atención directa. Xa que antes había que ir a Pontevedra e Cambados.

O que se pode dicir a 31 de decembro de 2018 é que se tería que ter recadado polas taxas, impostos, etc. O importe era de 1.566.525,85 € e desa cantidade que houbo que facer algúns axustes porque estaban mal ou porque ou había algunha axuda que non se tiña que aplicar. Dos cales do período voluntario se recadou o 87,61% o restante pasáronse a Axencia Tributaria Galega.

Sin ter subido subido os impostos municipais, excepto nalgún momento puntual, aumentouse máis de 400.000€ que non vai quedar no Concello, senón que é para invertir nos veciños.

Como o Sr. Serantes Alvarez sempre pregunta se compensaba saírse do ORAL tamén se pediu a conta dos gastos que sempre esa recadación directa. Este ano se fixo máis gasto



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

porque se tivo que comprar todo o material e facer formacións, pero para os próximos anos xa non hai eses gastos. En 2018 cos investimentos que se tivo que facer foron 41.404,95€ que ata 90.000 € que se lle pagaba ao ORAL. E xa para os próximos anos como non hai eses investimentos o gasto vai ser inferior. O que supón un aforro aproximado de 70.000€ cada ano.

O Pleno Municipal dáse por enterado dos datos de recadación de taxas e impostos municipais.

#### **5º.- MOCIÓN DE URXENCIA.**

Dáse conta da moción presentada no Concello de Vilagarcía e outros concellos relativa á imaxe distorsionada que está xerando a emisión de series relacionadas co tráfico de drogas e propónse que sexa a mesma sometida á consideración do pleno, por urxencia.

Votada a urxencia do asunto e resultando aprobada por unanimidade, se pasa á deliberación e aprobación do asunto

#### **MOCIÓN RELATIVA Á IMAXE QUE SE ESTÁ A DAR DA COMARCA DO SALNÉS POLA EMISIÓN DE SERIES RELACIONADAS CON TRÁFICO DE DROGAS.-**

Toma a palabra o Sr. González Ledo, a di que a moción fala basicamente da mala imaxe que está dando as series de televisión que están emitindo polo tema de narcotráfico na Comarca de Arousa. A moción vai no sentido de que están contando a historia que houbo aquí nos anos 80 e 90 e realmente esta Comarca non é nin mellor nin peor que o resto.- Que non se está vinculado con ese tema.- que se trata de lavar a imaxe que se está a dar da comarca.-

*Dase lectura á moción na que expónse, entre outras cuestións, que "nestes programas trasládase ao resto de España unha zona permisiva onde a apatía social e das forzas de seguridade facilitou que os narcotraficantes campasen ás súas anchas; que da a impresión que todo o mundo estivera implicado e o diñeiro negro abundaba e o problema agrávase porque, nalgúns casos, as series teñen titulares de que están baseadas en feitos reais.- Pola contra, a historia foi moi distinta; en Vilagarcía celebrouse a primeira manifestación contra as drogas en Galicia, creouse o único colectivo social que existe en España para loitar contra o narcotráfico (o PGCN) e celebrouse o I Congreso Nacional sobre Lexislación Antinarcotráfico, que sentou as bases para arrebatarse os bens dos narcos.-*

*A moción explica o acontecido neses anos e todos os feitos relacionados co asunto sucedidos dende a década dos anos 90 que demostra que en Arousa non houbo apatía, senon ao contrario, que os seus veciños foron pioneiros en España na loita contra o tráfico de drogas; que así o recoñeceu a Brigada Central de Estupefacientes.- Que, en resumo a lenda é unha cousa e a realidade outra distinta.- Que o pasado 28 de novembro cumpríronse 25 anos da gran manifestación e o ano próximo as Vodas de prata do nacemento da Plataforma e non se pode tolerar que se abafe a imaxe de Arousa e os seus veciños.-*



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

Por todo o anterior propónse que o Pleno acorde:

*1.- Confirmar que homes e mulleres de toda ría de Arousa integrad@s na Plataforma Fundación Galega contra o Narcotráfico, único órgano destas características en España, plantaron cara, denunciaron aos narcos e cooperaron cos Corpos e Forzas e Seguridade ata lograr o seu ingreso en prisión.*

*Ademais organizaron o Congreso Nacional sobre lexislación Anti Narcotráfico co obxectivo de privarlle das súas propiedades. Tras outo anos de reunións con distintos gobernos, lograron que se aprobase unha Lei Orgánica para facer posible a incautación de bens, que agora a Fundación administra e xestiona, feito pioneiro en España, o que se avala mediante documentos oficiais.*

*2.- En recoñecemento a esta loita social acórdase levantar un monólito que incorpore como motivo artístico unha árbore coa V de vida e verde esperanza representando o emblema da primeira manifestación, "Galicia contra as drogas", celebrada en Vilagarcía, e integrado no logo da PGCN-FGCN, que podería situarse na Praza de Ravella.*

*3.- Convocarase un concurso de ideas no que poderán participar artistas da comarca do Salnés. O xurado estará formado por un representante de cada grupo político e un membro da Fundación Galega contra o Narcotráfico."*

Aclara que o equipo de goberno vai a votar a favor para apoiar ao Concello de Vilagarcía con esta moción.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e di que van a votar a favor para apoiar a moción tamén.

O Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda aprobar a moción nos termos expresados.

#### **6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

- Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz que se lle pasen copias dos planos do proxecto do entorno do Colexio; que estivo revisando o proxecto e solicitou que se lle pase as copias.



ILMO. CONCELLO  
de  
**RIBADUMIA**  
(Pontevedra)

- Manifesta que, polo que ela sabe, o muro do aparcamento dos Castaños non se axusta á autorización que se concedeu por parte de Augas de Galicia e non se adoptaba á realidade do muro e quere saber como está o tema.

O Sr. Alcalde responde que ese tema está en mans do avogado, está pendente de presentarse un recurso, xa que o Concello non está de acordo co manifestado por Augas de Galicia.- Que todo este trámite se levou cos técnicos e vixiantes e posteriormente xustificaron outra cousa; que non ten razón; que Augas de Galicia tiña que asumir as súas competencias; que se está estudando detidamente e recurrirase.

Que Augas de Galicia o que ten que facer é o traballo de mantemento de limpeza de presas e ríos e regatos que non o fan (e está dando reposta o Concello).

A Sra. Peña Muñiz solicita que poida ter acceso ao expediente.- O Sr. Alcalde responde que cando se termine o expediente non hai problema.

A continuación a Sra. Peña Muñiz, di que hai varios veciños que se queixaron do servizo de recollida de lixo, porque non ían os días que lle pertencía e quedaban sen recoller o lixo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, e di que o camiión estivo dando varios problemas (e incluso se pedira axuda a unha empresa) foron casos e días moi puntuais.-

Estivo dando moitos problemas, pero agora está funcionando sen problemas. Fai 15 días ou 1 mes se produciron incidencias puntuais.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos, de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-